



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

11 xuño 2009

www.cig-ensino.com

A Consellaría de Educación pretende prohibir ao profesorado informar sobre o inquérito sobre o galego

A Consellaría de Educación pretende que o profesorado non poida emitir a súa opinión sobre a chamada “consulta ás familias sobre a utilización das linguas no ensino non universitario de Galicia”, vulnerando un dos dereitos fundamentais como é o da liberdade de expresión, impedindo ao alumnado a consecución de obxectivos fundamentais - recollidos na lexislación educativa como o de “exercer a cidadanía democrática desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable”- e convertendo os centros nunha canle de pensamento único e adoutramento parcial e sesgado.

A Consellaría pretende usar de xeito partidista a educación e censurar opinións diferentes á súa, que o único que procuran é dar outra opinión a quen se lle pide que participe nunha consulta amañada.

Tratan de prohibir que se dea circulación a propostas das organizacións sindicais e movementos de renovación pedagóxica, equipos de normalización lingüística, etc... cando o que refliten é os preceptos legais de promoción e uso do galego recollidas na actual normativa.

Facemos un chamamento ao profesorado a que actúe segundo o seu criterio sen deixarse intimidar polas ameazas ilegais dunhas autoridades educativas que perderon o seu carácter institucional para comportarse como axentes electorais dun partido político.

A CIG-Ensino quere denunciar a irresponsabilidade da Consellaría de Educación que non ten reparo, no momento de máis traballo nos centros, coincidindo co fin de curso, en cargar sobre as direccións, en contra da súa vontade, con encomendas que lle son alleas e mesmo contrarias aos seus cometidos. Implicándoo nunha campaña política do PP. Esíxeselles aos Equipos Directivos que incrementen as súas responsabilidades coa custodia destes documentos, imputándolle a vixilancia dunha chapuza xurídica que non cumpre ningunha garantía mínima.

Resulta paradoxal que se nos estea anunciando recortes na calidade do ensino (supresións de prazas, agrupamentos, retirada de axudas para formación...) coa escusa da crise e se leve a cabo este dispendio en recursos económicos para atacar

á nosa lingua. Para diminuír a presenza do noso idioma no ensino non hai crise.

En definitiva, insistimos en que estamos diante dun inquérito tendencioso que impide expresar a vontade dos que están a favor do ensino en galego. Co único obxectivo de xustificar a involución na normalización lingüística pretendida polo PP e restrinxindo, exclusivamente ás familias que nestes momento teñen alumnado escolarizado, o dereito a opinar, cando o sistema educativo como servizo público, a normalización lingüística e o dereito a coñecer o idioma propio de Galiza, son cuestións que afectan ao conxunto da sociedade.

Para a CIG-Ensino a maneira máis contundente de responder a esta aldraxe contra o noso idioma, tendo en conta a marxe de manobra que nos deixa a Consellaría, é responder “todo en galego” e facer constar a falla de lexitimidade deste inquérito, exixindo que non se derroge o actual decreto.